



## ROGO SOBRE A MELLORA DA TRANSPARENCIA NA INFORMACIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das cuestións fundamentais de calquera Goberno e Administración pública é o incremento da transparencia, facilitando o acceso a información, tanto cara ao interior como cara ao exterior das institucións. O Concello de Santiago –ao igual que outras moitas administracións- vén dando desde hai nos pasos nesa dirección, pero como en todo sempre quedan pasos por dar e camiño por percorrer.

Dentro da información que se ofrece na páxina web municipal obsérvanse algunhas carencias relativas á información dos órganos do Goberno municipal que son importantes, non só para o traballo dos propios grupos e departamentos do Concello, senón tamén para o conxunto da cidadanía. Tal é o caso da ausencia de información sobre o contido das xuntas de goberno extraordinarias que se veñen celebrando desde o inicio do actual mandato (unha eiva que tamén se detecta en períodos anteriores) ou a mellorable organización das videoactas -nas que temos advertido algúns fallos no seu etiquetado ou mesmo algún fragmento perdido-, botándose en falta un método de almacenaxe e consulta máis sistemático que permitira visualizar e seleccionar contidos mediante un guión principal de cada sesión, como acontece noutras institucións a nivel autonómico ou estatal.

En relación con estas cuestións, o Grupo Popular formula o seguinte ROGO:

***Que por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se fagan as xestións oportunas para incorporar na páxina web as informacións relativas ás xuntas de goberno local extraordinarias e que se estude a posibilidade de mellorar a organización, visualización e consulta das actas da sesións plenarias que se veñen ofrecendo para consulta pública en formato de vídeo.***

Santiago de Compostela, a 11 de xuño de 2018

Claudio Montiel Carracedo  
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela